CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APLICACIÓN DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA NA ESCOLA INFANTIL 0-3 BREOGÁN DE TITULARIDADE DESTA ÚLTIMA

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) o instrumento convencional arriba sinalado cun prazo de vixencia do 1 de setembro de 2026 ao 31 de xullo de 2027.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia , a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade , ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica , é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle a adopción das medidas que garantan un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias, as cales están sendo articuladas a través do Programa de Apoio á Natalidade (PAN). Este programa traballa sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica e ofrece solucións para favorecer que a poboación poida ter o número de fillos/as que desexe, paliando o custo que leva aparellada a crianza e coidado dos fillos e fillas e propiciando un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oYCxwSeW7LX2 https://sede.xunta.gal/cve

Na procura dos anteriores obxectivos enmarcouse a modificación operada a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro de 2019, de medidas fiscais e administrativas, que engadiu no seu artigo 23.Seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, na que se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos.

O apartado 5 da dita disposición, na redacción dada polo artigo 24 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro de 2021, de medidas fiscais e administrativas, establece que a consellaría competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das administracións Autonómica e municipal, así como as entidades privadas, que sexan titulares ou que xestionen escolas infantís de 0-3 anos, apliquen para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as unha bonificación do 100 % da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa e que entre tales medidas poderá estar a do establecemento de subvencións, sendo nestes casos a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

Continuando coa consecución de ditos obxectivos, para o ano 2022 e a través do disposto no artigo 29. dous da Lei 18/2021, do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engádese un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, establecendo que co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle.

Que a USC , entidade pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, está recoñecida e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social (número de rexistro E1064).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oYCxwSeW7LX2 https://sede.xunta.gal/cve

Que no marco do apartado quinto da disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 2.1c), 19.4.c) e 26 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pretendese fomentar unha actividade de interese social a través da formalización do presente convenio coa concesión de forma directa, con carácter excepcional, dunha subvención pública por razóns de interese público e social, para a gratuidade da atención educativa na escola infantil Breogán da que é titular a USC.

Que **a USC xestiona a escola infantil Breogán de xeito directo**, con persoal propio. O resto de Universidades do Sistema Universitario de Galicia, xestionan as súas escolas infantís de xeito indirecto e polo tanto concorren á Orde do 2 de xullo de 2025 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2026/27 . Así, **as escolas infantís de titularidade das outras Universidades reciben subvención para financiar a atención educativa a través da anterior orde.** Pola contra, de non asinarse este convenio, os usuarios da EI Breogán serían os únicos de toda Galicia que acudindo a unha escola titularidade dunha Universidade non se poderían beneficiar da gratuidade da atención educativa.

Que con base nestas premisas, a fin de establecer un marco de colaboración que permita que todas as familias con nenos e nenas matriculados nunha escola infantil 0-3 de Galicia accedan á bonificación do 100% do prezo da atención educativa, as partes acordan subscribir un Convenio de Colaboración .

Que a Consellería de Política Social e Igualdade compensará a aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa na contía do prezo mensual que lle correspondese aboar á familia segundo as tarifas establecidas na resolución do 13 de marzo de 2026 da Xerencia da USC pola que se establece a convocatoria para a asignación de prazas na escola infantil Breogán da Universidade de Santiago de Compostela, Curso 2026-2027, polas horas de asistencia do neno ou nena ata un máximo de 300 euros/mes por praza a xornada completa, excluído, en todo caso, o mes de vacacións do neno ou nena.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oYCxwSeW7LX2 https://sede.xunta.gal/cve

As axudas calcularanse en función das tarifas da escola infantil no curso 2026/2027, sen superar o tope de 300 euros/mes, e do número nenos e nenas que a USC declare. A cantidade resultante de 223.800 euros é a estimación de aplicarlle as tarifas da escola infantil Breogán aos nenos e nenas matriculados e que se van incorporando ao longo do curso 2026/2027.

A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución da actividade subvencionada a través deste convenio cunha contía de douscentos vinte e tres mil oitocentos euros (223.800,00 €) , con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.444.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspondendo setenta e seis mil oitocentos euros (76.800 €) á anualidade 2026 e cento corenta e sete mil euros (147.000 €) á anualidade 2027 .

Que o orzamento do convenio anterior foi de 239.442 euros, sendo a súa execución de 192.925 euros, xa que se preveu unha matrícula de 75 nenos e nenas e a ocupación media foi de 64 nenos e nenas.

Que a diminución do orzamento do convenio é debido a que a previsión do número de alumnado matriculado na EI Breogán para o curso 26/27 é de 70 nenos e nenas , xa que as tarifas da escola mantéñense iguais que no curso anterior.

E para que conste , asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 08/09/2026 09:47:34

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oYCxwSeW7LX2 https://sede.xunta.gal/cve